# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
# CURSO 2021/2022

CENTRO: IES MONTERROSO
CURSO: 2021/22
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: ABRIL 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<table>
<tr><th colspan="2">1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">1º Avaliación</td><td>Cálculo da nota da 1ª avaliación:<br>Gramática e vocabulario 20%<br>Reading 15%<br>Listening 10%<br>Writing 20%<br>Speaking 15%<br>Libro de lectura 10%<br>Participación, actitude e traballo 10%</td></tr>
<tr><td>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:<br>Por ser ista materia de carácter PROGRESIVO, o alumnado recuperará un exame suspenso aprobando un posterior.<br>Por ser ista materia de carácter PROGRESIVO, o alumnado recuperará a avaliación suspensa aprobando unha posterior.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">2º Avaliación</td><td>Cálculo da nota da 2ª avaliación:<br>Gramática e vocabulario 20%<br>Reading 15%<br>Listening 10%<br>Writing 20%<br>Speaking 15%<br>Libro de lectura 10%<br>Participación, actitude e traballo 10%</td></tr>
<tr><td>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:<br>Por ser ista materia de carácter PROGRESIVO, o alumnado recuperará un exame suspenso aprobando un posterior.<br>Por ser ista materia de carácter PROGRESIVO, o alumnado recuperará a avaliación suspensa aprobando unha posterior.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">3º Avaliación</td><td>Cálculo da nota da 3º avaliación:<br>Gramática e vocabulario 20%<br>Reading 15%<br>Listening 10%<br>Writing 20%<br>Speaking 15%<br>Libro de lectura 10%<br>Participación, actitude e traballo 10%</td></tr>
<tr><td>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br>Aquel alumnado que suspenda a 3ª avaliación, terá a oportunidade de realizar un exame final de recuperación a finais de xuño que incluirá os contidos traballados ó longo de todo o curso. Os estándares de aprendizaxe e contidos mínimos establecidos na programación serán tidos en conta para a elaboración desta proba.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | Tipo de proba e valoración de cada un dos bloques que a conforman:<br>Gramática e vocabulario 50% (orientativamente establécese 35%para gramática e 15% para vocabulario)<br>Reading 20%<br>Writing 30%<br>Aplicando as porcentaxes citadas e sumando o resultado obtense a nota. O aprobado considérase no cinco. |
| **Cualificación final** | **Cálculo para obter a cualificación final de curso:**<br>Para obter a cualificación final de curso atopamos dous supostos:<br>**Alumnado que aprobou a 3ª avaliación**:<br>Manterase a nota da terceira avaliación, que poderá ser subida ata un punto tendo en conta a realización das actividades propostas durante o periodo comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO.<br>**Alumnado que suspendeu a 3ª avaliación**:<br>Tras realizar as actividades de reforzo e recuperación propostas durante o periodo comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO, este alumnado debe facer un exame final de recuperación que estará basado nestas actividades. Este exame é realizado para comprobar a adquisición dos aprendizaxes mínimos, e certificar que o alumnado poderá seguir sen dificultades no curso seguinte. Aplicando as porcentaxes citadas no exame de recuperación de xuño e sumando o resultado obtense a nota. O aprobado considérase no cinco. A nota numérica deste exame será a nota final da asignatura. |
| **Proba extraordinaria para BAC** | **1º BAC:**<br>Aquel alumnado que non supere a materia na terceira avaliación, debe facer un exame final de recuperación para superar a materia. Por tanto, aquel alumnado que suspenda a 3ª avaliación, terá a oportunidade de realizar un exame final de recuperación a finais de xuño que incluirá os contidos traballados ó longo de todo o curso. Os estándares de aprendizaxe e contidos mínimos establecidos na programación serán tidos en conta para a elaboración desta proba.<br>Tipo de proba e valoración de cada un dos bloques que a conforman:<br>Gramática e vocabulario 50% (orientativamente establécese 35%para gramática e 15% para vocabulario)<br>Reading 20%<br>Writing 30%<br>Aplicando as porcentaxes citadas e sumando o resultado obtense a nota. O aprobado considérase no cinco.<br>**2º BAC**<br>No caso de 2º de BAC, o alumnado termina o curso o 19 de maio para poder preparar os exames de ABAU. Aquel alumnado que non supere o curso na avaliación final de maio, terá unha avaliación extraordinaria a finais de xuño.<br>Tipo de proba e valoración de cada un dos bloques que a conforman:<br>O exame da proba extraordinaria terá un formato similar o exame de ABAU coa opcionalidade que presenta este exame e coas seguintes porcentaxes orientativas:<br>Bloque 1: Reading 25%<br>Bloque 2: Grammar and Speaking(phonetics) 25%<br>Bloque 3: Writing 25%<br>Bloque 4: 25% |

<table>
<tr><td></td><td>(Este último bloque debe ser repetido,<br>posto que no exame de ABAU se lles<br>obliga a repetir un dos bloques)<br>Aplicando as porcentaxes citadas e sumando o resultado obtense a nota. O aprobado considérase no cinco.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Alumnado de materia pendente</td><td>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:<br>O alumnado pode superar a materia pendente dun curso anterior de dúas maneiras:<br>- Por ser esta materia de carácter progresivo, o alumnado que aprobe a 2ª avaliación, terá aprobada a materia pendente do curso anterior.<br>- O alumnado que non aprobe a 2ª avaliación, terá un proba a finais de maio no que será tido en conta o boletín de exercicios entregado a principios de curso por cada profesor. Terase en conta se foi entregado nos plazos establecidos e correctamente realizado.<br>Tipo de proba e valoración de cada un dos bloques que a conforman:<br>Gramática e vocabulario 50% (orientativamente establécese 35%para gramática e 15% para vocabulario)<br>Reading 20%<br>Writing 30%<br>Para obter a cualificación final aplicamos as seguintes porcentaxes:<br>Exame de maio 70%<br>Boletín de exercicios 30%<br>No caso dos alumnos que non teñan entregado o boletín de exercicios, o exame de maio suporá o 100% da nota.<br>Aplicando as porcentaxes citadas e sumando o resultado obtense a nota. O aprobado considérase no cinco.</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>O xefe de departamento fará un seguimento do alumnado coa materia pendente, a través do profesorado que lles imparta as clases nos distintos niveis. Informarémoslle ó alumnado da posibilidade de que o profesorado do grupo cando eles consideren ou ben a xefa do departamento nos recreos que soliciten previamente, lles impartan clases nos puntos nos que teñan dúbidas. Cada profesor elaborará un cuadernillo para os alumnos pendentes que incluirá os contidos que se avaliarán no exame de recuperación de pendentes. O alumnos terán varios plazos de entrega para este cuadernillo.<br>Ca evolución positiva (avaliacións, traballos, etc) do alumno nun curso coa materia suspensa no curso anterior implicará o aprobado na materia en dito curso anterior. O alumnado que aprobe a 2ª avaliación do curso posterior, implicará aprobar a materia suspensa dun curso anterior.<br>Na ESO, o alumnado terá unha proba no mes de xaneiro, no que se terá en conta a entrega do cuadernillo debidamente cumplimentado e en plazo explicado no punto anterior. O cuadernillo poderá supoñer un 30% da nota. Os exercicios do exame serán similares ós do cadernillo de entrega voluntaria Se se supera este exame, considerarase superada a materia. Se non se supera, haberá outro exame en maio, nas mesmas condicións que en xaneiro.<br>No bacharelato, a materia deixa de ser considerada progresiva e para aprobar 1ª Bac, o alumnado debe aprobar a proba específica de recuperación. Haberá unha proba en xaneiro. Os exercicios do exame serán similares ós do cadernillo de entrega voluntaria. Se se supera este exame, considerarase superada a materia.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | Se non se supera, haberá outro exame en maio, nas mesmas condicións que en xaneiro |

| **2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)** | |
|---|---|
| **Metodoloxía** | A metodoloxía será parecida á desenvolta ó longo do curso, tendo en conta os seguintes aspectos clave:<br>• Partir da competencia inicial do alumnado<br>• Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe<br>• Potenciar as metodoloxía activas.<br>• Combinar traballo individual e cooperativo<br>• Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas<br>• Uso habitual das TIC<br>• Papel facilitador do profesor/a |
| **Actividades tipo** | **Para o alumnado que non superara a materia na 3ª avaliación**, as actividades a desenvolver serán de reforzo e recuperación, e serán similares ás desenvoltas ó longo de todo o curso. Serán adaptadas e simplificadas para garantizar polo menos a adquisición dos contidos mínimos. Os exercicios do exame de recuperación estarán basados nestas mesmas actividades. Posto que no exame final, non se contempla a avaliación de listening e speaking, pasarán estas destrezas a un segundo plano nas actividades, centrándonos en exercicios de gramática e vocabulario, reading e writing.<br>Por outro lado, **o alumnado que superara a materia na 3ª avaliación**, levará a cabo actividades de ampliación profundizando nos aspectos xa traballados durante o curso. Así, deseñaranse actividades de producción, tanto oral como escrita, relacionadas coa temática das unidades traballadas ó longo do curso. Certas actividades poderán ser solicitadas polo profesor para a súa entrega e/ou exposición para a súa posterior cualificación. Está cualificación poderá supoñer hasta 1 punto, que será sumado á nota obtida na 3ª avaliación, obtendo así a cualificación final. |
| **Materiais e recursos** | **Para o alumnado que non superara a materia na 3ª avaliación,** o método Burlington do manual utilizado durante o curso (“*NEW ENGLISH IN USE 1-4*”), ofrece múltiples opcións para traballar exercicios de reforzo e recuperación:<br>- No *Student's book*, na parte final do libro, hai moitas actividades de reforzo que repasan os contidos traballados durante todo o curso combinando gramática e vocabulario das unidades vistas.<br>- No *Workbook,* atopamos tamén múltiples actividades deste tipo.<br>- No *Teacher's all in one pack*, atopamos tamén moitas e variadas actividades deste tipo.<br>- Por último, a editorial ofrece un cadernillo *basic practice* no que tamén atopamos este tipo de actividades pero esta vez adaptadas e simplificadas para poder axudar ó alumnado que máis dificultades presente. Así, por exemplo a teoría e explicación aparecen en castelán e non en inglés.<br>- O profesorado tamén poderá elaborar material propio utilizando diferentes fontes para ser utilizado como actividades de reforzo e recuperación.<br>**Para o alumnado que superara a materia na 3ª avaliación,** o método Burlington do manual utilizado durante o curso (“*NEW ENGLISH IN USE 1-4*”), ofrece múltiples opcións para traballar exercicios de ampliación e profundización: |

| | |
|---|---|
| | - No *Student's book*, tras cada 3 unidades propóñense proxectos en grupo e individuais que traballan aspectos traballados nas unidades anteriores. Na parte final do libro, atopamos tamén textos para compresión que repasan os contidos traballados durante todo o curso combinando gramática e vocabulario das unidades vistas.<br>- No *Workbook,* hai unha sección de ampliación de vocabulario (*Language builder)*.<br>- No *Teacher's all in one pack*, atopamos tamén actividades de ampliación.<br>- Libros de lectura a disposición dos alumnos na biblioteca.<br>- No departamento de inglés, hai tamén moito material extra para traballar a producción tanto oral como escrita.<br>- O profesorado tamén poderá elaborar material propio utilizando diferentes fontes para ser utilizado como actividades de ampliación. |
| **2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)** | |
| **Metodoloxía** | A metodoloxía será parecida á desenvolta ó longo do curso, tendo en conta os seguintes aspectos clave:<br>• Partir da competencia inicial do alumnado<br>• Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe<br>• Potenciar as metodoloxía activas.<br>• Combinar traballo individual e cooperativo<br>• Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas<br>• Uso habitual das TIC<br>• Papel facilitador do profesor/a |
| **Actividades tipo** | **Para o alumnado que non superara a material na avaliación final,** as actividades a desenvolver serán de reforzo e recuperación, e serán similares ás desenvoltas ó longo de todo o curso. Serán adaptadas e simplificadas para garantizar polo menos a adquisición dos contidos mínimos. Os exercicios do exame de recuperación estarán basados nestas mesmas actividades. Posto que no exame final, non se contempla a avaliación de listening e speaking, pasarán estas destrezas a un segundo plano nas actividades, centrándonos en exercicios de gramática e vocabulario, reading e writing.<br>Por outro lado, **para o alumnado que xa superara a avaliación final,** poderá levar a cabo actividades de ampliación profundizando nos aspectos xa traballados durante o curso. Así, deseñaranse actividades de producción, tanto oral como escrita, relacionadas coa temática das unidades traballadas ó longo do curso. |
| **Materiais e recursos** | Os recursos e materiais a utilizar son os seguintes:<br>**Para o alumnado que non superara a materia na 3ª avaliación,** o método Burlington do manual utilizado durante o curso ("*LIVING ENGLISH 1*"), ofrece múltiples opcións para traballar exercicios de reforzo e recuperación:<br>- No *Student's book*, na parte final do libro, hai moitas actividades de reforzo que repasan os contidos traballados durante todo o curso combinando gramática e vocabulario das unidades vistas.<br>- No *Workbook,* atopamos tamén múltiples actividades deste tipo, xunto con explicacións gramaticais en castelán.<br>- No *Teacher's all in one pack*, atopamos tamén moitas e variadas actividades de reforzo e recuperación.<br>- O profesorado tamén poderá elaborar material propio utilizando diferentes fontes para ser utilizado como actividades de reforzo e recuperación.<br>**Para o alumnado que superara a materia na 3ª avaliación,** o método Burlington |

| | |
|---|---|
| | do manual utilizado durante o curso *(“LIVING ENGLISH 1*”), ofrece múltiples opcións para traballar exercicios de ampliación e profundización:<br>- No *Student’s book*, na parte final do libro, atopamos textos para compresión que repasan os contidos traballados durante todo o curso combinando gramática e vocabulario das unidades vistas e centrándose en partes culturais.<br>- No *Workbook,* hai unha sección de *listening extra*, e tamén outra sección con textos tipo ABAU, no que se traballan os contidos de unidades anteriores pero dende a perspectiva do exame ABAU.<br>- No *Teacher’s all in one pack*, atopamos tamén actividades de ampliación.<br>- Libros de lectura a disposición dos alumnos na biblioteca.<br>- No departamento de inglés, hai tamén moito material extra para traballar a produción tanto oral como escrita, así como guías gramaticais ou libros de fonética.<br>- O profesorado tamén poderá elaborar material propio utilizando diferentes fontes, sobre todo dispoñible en rede, para ser utilizado como actividades de ampliación. |
| **2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)** | |
| **Metodoloxía** | A metodoloxía será parecida á desenvolta ó longo do curso, tendo en conta os seguintes aspectos clave:<br>• Partir da competencia inicial do alumnado<br>• Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe<br>• Potenciar as metodoloxía activas.<br>• Combinar traballo individual e cooperativo<br>• Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas<br>• Uso habitual das TIC<br>• Papel facilitador do profesor/a |
| **Actividades tipo** | As actividades a desenvolver estarán sempre orientadas o exame ABAU. Así, as actividades tipo inclúen textos das probas ABAU, incluindo comprensión escrita e exercicios de gramática e fonética, así como a elaboración de redaccións. A maiores, realizarase un repaso de todos os punto gramaticais traballados durante o curso a través de exercicios tipo ABAU (*rewritiing*). Do mesmo modo, farase o propio coa fonética traballada durante o curso a través de exercicios tipo ABAU (*discrimination*). |
| **Materiais e recursos** | Os recursos e materiais a utilizar son os seguintes:<br>- Banco de probas ABAU disponibles na páxina da CIUGA, así como banco de probas de exames de acceso á universidade doutras comunidades autónomas.<br>- Material adicional ofrecido pola editorial do manual utilizado durante o curso (*LIVING ENGLISH 2)*, que abrangue tanto textos tipo ABAU, como diferentes exercicios de transformacións gramaticais.<br>- Material que se atopa no propio departamento de inglés, dende guías gramaticais ata libros de fonética.<br>- Material elaborado polo propio profesorado utilizando diferentes fontes, sobre todo dispoñible en rede . |